

## VICENTE RISCO E AS VANGARDAS ARTÍSTICAS DE EUROPA.

Iria-Friné Rivera Vázquez.

(Artigo publicado en Praza Pública o 30 de Abril do 2013).

“Seica se discute moito este manifesto...Hoxe viña “A Nosa Terra” entre riseira e amoscada por istas lérias novas”, escribe Risco en *La Zarpa* sobre o impacto do Manifesto Mais Alá en Xullo de 1922. “A todos nos ha chegar o tempo de pasarmos ao arquivo, e non ha estar mal que os novos remexan nil para nos desempoiraren, inda que sexa a vasoirazos”. Que Risco xustifique o “desempoiramento a vasoirazos” do Manifesto, reflicte non só a súa defensa das novas xeracións fronte ás vellas, senón tamén o seu senso innovador. A través de publicacións e conferencias, Risco fala a miúdo dos novos movementos vangardistas que xorden en Europa. E procura difundilos, estudalos e aprender neles. A cuestión non é rexeitalos, senón aprehendelos para xerar novas producións na cultura galega. Entende esta creación artística como cultivo da identidade, a través da cal xorden obras dunha orixinalidade absoluta, ao mesmo tempo novas e atemporais.

As Vanguardas como movemento global significan para Risco a liberdade de concibir e interpretar, por exemplo, a realidade ou a tradición. Isto permite que os ámbitos artísticos adquiren un carácter orgánico, poidan rexenerarse e conectar coa sociedade contemporánea galega: temas, figuras e xéneros xa coñecidos poden ser ampliados ou reinterpretados segundo as visións e influencias dos novos artistas. Para Risco, a introdución de novos conceptos non significa a perda de identidade, senón o enriquecemento a través da conciliación entre tradición e innovación.

Risco tamén entende a Arte como unha expresión da personalidade e do progreso da cidadanía galega. Na conferencia de 1920 sobre *Arte Nova* na Coruña, exprésao con convicción: “pois este é o galeguismo interesante: o galeguismo construtivo, a diferenza do simplemente conservador. Un galeguismo que quere integrar a Galicia con todos os seus valores de seu, co seu pensamento galego, coa súa arte galega, coa súa produción material galega, na civilización dos pobos mais adiantados. Tamén este galeguismo se sinte aló:

Loitar polo noso adianto  
con entusiasmo e con fe.

“É un dos seis mandamentos do “Tío Marcos da Portela”. Comenta que Coruña será a *Barcelona atlántica e ultramoderna*, e fai observacións sutís e intelixentes sobre a evolución da pintura contemporánea europea. Por exemplo, falando das novas tendencias, salienta a importancia do Cubismo e do proceso da independencia da cor, especialmente dende Monet e Whistler ata a abstracción de Sonia Delauny.



Retrato do grupo de asistentes ao banquete en honor a Ramón Otero Pedrayo, polo seu ingreso na Real Academia Galega, posando no exterior do Quiosco Afonso na Coruña. Nesta fotografía, tomada o 10 de Decembro de 1929 por Pachecho (Vigo), aparecen de esquerda a dereita: na primeira fila sentados Alonso, administrador do Sanatorio de Oza, Eladio Rodríguez González, presidente da RAG, Ramón Otero Pedrayo, Vicente Risco, Ángel del Castillo e González Villar. Na segunda fila, tamén de esquerda a dereita César Otero, José Berguer, Pardo, Liste Mourenza, Abelaíra, Mosteiro, Cabanillas (Manolo, fillo do poeta), Calviño e Antón Villar Ponte.

Fotografía: Colección Real Academia Galega, A Coruña.

O interese pola pintura vangardista está moi presente na súa viaxe a Berlín en 1930. Alí ten ocasión de poder observar moitas obras orixinais, para deixar logo as súas impresións nos artigos publicados pola revista *Nós*, cuxa primeira serie se edita no libro de viaxe *Mittleuropa* (“Centroeuropa”, 1934). Con respecto á pintura, un dos momentos claves é a visita ás coleccións de Arte da Nationalgalerie. Os apuntamentos son un documento ben elocuente sobre os seus gustos. A exposición xeral de pintura do século XIX non

encaixa con el, xa que a súa sensibilidade se distancia da tradición clasicista, e lamenta sobre todo a influencia de Poussin. É distinta a consideración de certos pintores activos no século XIX, algún deles xermolos das Vangardas. Interésanlle, entre outros, Von Menzel, Constable, Segantini, Courbet e as obras influídas polos Prerrafaelitas británicos. A pintura de finais de século resúltalle máis atractiva; chama a súa atención Gauguin, Renoir e Lovis Corinth, que valorou como “un pintor valente e interesante”. Desgústalle, en cambio, as obras de Matisse e Cézanne presentes na colección do museo. Tamén repasa o que el denomina “Escola clásica alemá”, citando pintores da Secesión de Berlín, como Max Liebermann. Tamén escribe sobre a impresión que lle causa un cadro do puntillista Paul Signac, que cualifica de “precioso”.



A ESQUERDA: *Casas de Argenteuil*. 1873. Claude Monet. Alte Nationalgalerie, Staatliche Museen zu Berlín. A DEREITA: *Castiñeiros en flor*. 1881. Pierre-Auguste Renoir. Alte Nationalgalerie, Staatliche Museen zu Berlín.

Xa noutras salas, unha mención especial merécelle Max Pechstein, co que comeza a vista dos pintores expresionistas. Pechstein é un caso especial, porque Risco coñecera a súa pintura mediante unha lámina que lle fixo pensar, por empregar as súas verbas, que era “un feísta”. Un parecer que cambia cando ten diante as súas obras. Tamén valora ben as obras de varios pintores, entre eles Schmidt Rottluff e Oscar Kokoschka, “outro dos coñecidos meus”. Cando entra nas salas adicadas exclusivamente a un pintor, non lle gustan as obras de Ludwig Kirchner, “dun cubismo desfeito e dunha tolice de cor que non vén a conto para nada; o seu “Die Meister der Brücke” é o cadro mais feo que aquí hai”.

Xa rematando a súa visita, Risco pode examinar unha sala reservada a Emil Nolde. Os seus bodegóns e paisaxes atraeno moito, se ben sobre *Políptico* non ten unha opinión tan favorábel. Fóra da peza que representa a Resurrección, o resto da obra enfádao profundamente. Pasando a outros pintores, Risco contempla os “sonados cabalos azuis e

os tres corzos de Franz Marc”, así como cadros de Kandinsky e de Van Gogh, as obras de Picasso -do cal apreza sobre todo un retrato-, e de artistas coma Juan Gris, Bracque, e “unha preciosa cabeza en latón” de Rudolf Belling. Dos poucos escultores que cita, admira a Belling e igualmente, menciona a Rodin. A última obra da que fala é a pintura *Blumenfresser*, “o devorador de flores”, de Paul Klee.

É distinta a súa valoración da arquitectura vangardista. Risco considera que as edificacións deben dialogar, non agredir as persoas; pode aprezar os valores plásticos das novas propostas, mais non aqueles edificios cunha notable falta de calidade ou significación. Risco analiza as edificacións de Berlín, dende as primeiras, anteriores a 1914, ata as de recente construción en 1930, e observa que o trazo máis destacábel das casas construídas cos principios novos, é o uso abusivo do cemento, ostensiblemente visíbel nas fachadas. Para un home que ten moi presente a necesidade de coidar a estética pública, isto sácao de si: “Casas de cemento ou untadas de cemento enmourecido, dunha fealdade, no conxunto, na disposición e nos detalles, que pon verdadeiro medo. É un xogo de balcóns macizos, de entrantes e saíntes, de adornos e de cousas, dun efecto espantoso. Gusto ruín e mazacote que custa traballo crelo se un non o vise”.

Outra das cuestións nas que se fixa, é nos motivos de inspiración dos arquitectos. Risco anota: “din algúns que co senso de velocidade -casas que semellan vagóns do tren, carros eléctricos, autobuses- representan quizais o desexo de se embarcar dicindo adeus o pasado”. Ao respecto, pregúntase se é coherente a significación que ten unha casa (un asentamento) coa que ten un medio de transporte (a do movemento continuo): “unha casa que se asemelle a un vagón do tren -algunhas hai na Alemaña- os que viven nela teñen por forza que volverse tolos axiña, e daquela, para onde embarcaron non foi para o futuro, senón para o manicomio, se é que o manicomio non é o futuro desta humanidade, xa que o manicomio é onde adoita levar a megalomanía”.

Risco tamén estuda que as liñas predominantes do deseño arquitectónico son horizontais, procedendo a analizar a composición dos edificios. Coida que moitos edificios son fermosos, sobre todo as vivendas, precisamente “cando conservan a estrutura e senso da casa, principalmente. O que acontece é que a súa beleza reside na súa sinxeleza - especialmente, por contraste cos edificios de estilo penúltimo- e no seu acomodamento á función que han de vencer”. Pese a que non é un entusiasta de todos os conceptos técnicos

das correntes predominantes -a *Bauhaus*, xunto co Racionalismo de Le Corbusier-, si aproba que as novas casas sexan axeitadas ao benestar das persoas: “estas casas son, fóra da súa beleza, fealdade ou indiferenza, claras, sas, cómodas e folgadas. Nelas vívese ben”.

Citas como estas converteron a Risco nun referente no coñecemento das Vanguardas artísticas europeas. Foron precisamente o seu interese, o seu apoio ás mesmas e aos artistas galegos que nelas se inspiraban, o que o sinalou como un pioneiro intelectual da Arte Galega.